

DEFINICIÓNS UD2: REVOLUCIÓNS LIBERAIS E NACIONALISMO

1. A REVOLUCIÓN AMERICANA

- **Trece colonias:** colonias da Coroa británica na costa oriental de Norteamérica, que proclaman a súa independencia en 1776.
- **Stamp Act:** lei británica de 1765 que impoñía un gravame sobre documentos e publicacións, o cal provocou fortes protestas nas colonias, polo que tivo que ser retirada.
- **Motín do té:** *Boston Tea Party*, acto de protesta dos colonos norteamericanos en 1773, cando lanzaron ao mar o cargamento de té da Compañía das Indias Orientais no porto de Boston debido á concesión a esta Compañía do monopolio da venda do té.
- **Pais fundadores:** os 50 delegados do Congreso de Filadelfia de 1787 que elaboraron o texto da Constitución de EEUU, que entra en vigor en 1789.

2. A REVOLUCIÓN FRANCESA

- **Estados Xerais:** Asemblea que representaba aos tres estamentos da sociedade francesa no Antigo Réxime (nobreza, clero e 3º Estado).
- **Cadernos de queixas:** documentos elaborados polos distintos estamentos para facer públicas as súas peticións nos Estados Xerais, e que demostraron o malestar do pobo francés.
- **Estamento:** cada un dos tres grupos sociais nos que se dividía a sociedade do Antigo Réxime, aos que se pertencía por nacemento, e que establecían estatus xurídicos diferentes.
- **Constitución:** texto legal que rexe a vida política dun Estado e que é elaborado por unha asemblea representativa da soberanía nacional.
- **Declaración de dereitos:** documento de carácter político que enumera os dereitos e liberdades considerados esenciais e fundamentais para os seres humanos, co obxectivo de defendelos e protexelos contra calquera abuso que proveña da autoridade ou doutras persoas.
- **Constitución Civil do Clero:** lei decretada pola Asemblea Nacional francesa en 1790, que pretendía facer da Igrexa católica un servizo

público do Estado, independente da autoridade de Roma, e que esixía ao clero xurar fidelidade á constitución.

- **Xirondino:** persoa integrante do grupo revolucionario moderado da Convención francesa (1792-1794), liderado por Brissot.
- **Xacobino:** persoa integrante do grupo dos xacobinos ou montañeses da Convención francesa (1792-1794), partidarios dunha república democrática e da alianza cos sans-culottes (clases populares urbanas). Estaban liderados por Robespierre, Marat e Danton, e fixéronse co poder en 1793.
- **Reacción termidoriana:** instauración dunha república conservadora e censitaria tras a detención e execución de Robespierre e os seus aliados (convención montañesa), que puxo fin á experiencia democrática da revolución e pretendía frear aos extremistas (xacobinos ou realistas).
- **Concordato:** acordo entre a Santa Sede e un Estado para regular as relacións entre eles.
- **Plebiscito:** consulta que os poderes públicos someten ao voto popular directo para que os cidadáns aproben ou rexeiten unha determinada proposta sobre unha cuestión política ou legal.
- **Bloqueo continental:** sistema económico e comercial imposto pola Francia napoleónica polo que se excluía a Gran Bretaña de todo intercambio comercial co resto de Europa, co obxectivo de arruinala economicamente.
- **Lexitimismo:** ideoloxía desenvolvida en Europa durante a Restauración (1815-1848) que defendía os dereitos lexítimos dos monarcas absolutos do Antigo Réxime fronte ao liberalismo e os principios revolucionarios.
- **Restauración:** período inmediatamente posterior á derrota de Napoleón, entre 1815 e 1848, na que se restauraron as vellas monarquías, coa intención de volver ao Antigo Réxime e regresar á situación internacional anterior á Revolución Francesa.
- **Santa Alianza:** organización formada tras a derrota de Napoleón, consistente nunha coalición entre Rusia, Austria e Prusia cun obxectivo doutrinal: o mantemento do absolutismo e a defensa fronte á ameaza liberal.

